



H2040

BelénRubio

**EQUIPO DE GOBERNO E
LIÑAS PROGRAMÁTICAS
2026-2032**

UniversidadeVigo

EQUIPO DE GOBERNO

CANDIDATURA H2040	
<i>Belén Rubio Armesto, candidata á Reitoría</i>	
EQUIPO DE GOBERNO	
<i>Secretaría Xeral</i>	<i>María José Bravo-Bosch</i>
<i>Vicerreitoría de Comunicación e Normalización Lingüística</i>	<i>Emma Torres Romay</i>
<i>Vicerreitoría de Economía, Estratexia e Empredemento</i>	<i>Pablo Cabanelas Lorenzo</i>
<i>Vicerreitoría de Estudantando e Captación</i>	<i>Eva M. Lantarón Caeiro</i>
<i>Vicerreitoría de Extensión Universitaria</i>	<i>Alma Gómez Rodríguez</i>
<i>Vicerreitoría de Infraestruturas e Sostibilidade</i>	<i>Félix Quintero Martínez</i>
<i>Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación ao Desenvolvemento</i>	<i>Iago Pozo Antonio</i>
<i>Vicerreitoría de Investigación e Transferencia</i>	<i>Javier Roca Pardiñas</i>
<i>Vicerreitoría de Profesorado, Ordenación Académica e Titulacións</i>	<i>Adela Sánchez Moreiras</i>
<i>Vicerreitoría de Transformación Dixital</i>	<i>Luís Álvarez Sabucedo</i>
<i>Vicerreitoría do Campus de Ourense</i>	<i>Javier Rodríguez Rajo</i>
<i>Vicerreitoría do Campus de Pontevedra</i>	<i>Sara Domínguez Llorca</i>

LIÑAS PROGRAMÁTICAS

Este documento recolle as liñas programáticas que sustentan a proposta de H2040, un proxecto colectivo orientado a construír unha Universidade de Vigo máis aberta, innovadora, sostible e centrada nas persoas.

*A nosa proposta artícuase arredor dun modelo de universidade centro nas persoas, que sitúa no núcleo da acción institucional ao estudantado, ao PDI, ao PTXAS e ao PI e PAI. Ese modelo baséase en catro principios transversais: benestar, igualdade, participación e recoñecemento. A partir desta visión, estruturase unha proposta de **20 liñas programáticas**, desenvolvidas en **40 compromisos** concretos, orientados a unha transformación realista, medible e sostible da universidade:*

I. DOCENCIA, ESTUDANTADO E FORMACIÓN AO LONGO DA VIDA

Liña 1. Dignificación e recoñecemento da docencia

Compromiso 1.

Recoñeceremos a dedicación docente con criterios xustos e transparentes.

Compromiso 2.

Reduciremos a sobrecarga docente garantindo equilibrio co resto de funcións.

Liña 2. Innovación educativa e metodolóxica

Compromiso 3.

Impulsaremos metodoloxías activas e dixitais centradas no estudantado.

Compromiso 4.

Fomentaremos a formación pedagóxica continua do profesorado.

Liña 3. Formación ao longo da vida e microcredenciais

Compromiso 5.

Desenvolveremos unha oferta ampla de microcredenciais flexibles.

Compromiso 6.

Abriremos a universidade a novos perfís de estudantes.

Liña 4. Empregabilidade e conexión co entorno

Compromiso 7.

Reforzaremos prácticas e formación dual.

Compromiso 8.

Impulsaremos a colaboración co tecido empresarial e institucional.

Liña 5. Experiencia estudiantil e benestar

Compromiso 9.

Melloraremos servizos, infraestruturas e recursos para o estudiantado.

Compromiso 10.

Reforzaremos apoio á saúde mental, inclusión e igualdade de oportunidades.

II. INVESTIGACIÓN, TRANSFERENCIA E TALENTO

Liña 6. Captación e retención de talento

Compromiso 11.

Incrementaremos programas de atracción de talento investigador.

Compromiso 12.

Consolidaremos itinerarios estables de carreira investigadora.

Liña 7. Relevo xeracional e equilibrio de áreas

Compromiso 13.

Planificaremos a remuda xeracional con criterios estratéxicos.

Compromiso 14.

Reforzaremos áreas con déficit de persoal investigador.

Liña 8. Apoio á actividade investigadora

Compromiso 15.

Reduciremos a carga burocrática da investigación.

Compromiso 16.

Melloraremos os servizos de apoio a proxectos e captación de fondos.

Liña 9. Centros, institutos e grupos de investigación

Compromiso 17.

Fortaleceremos centros e institutos estratéxicos.

Compromiso 18.

Apoiaremos grupos emerxentes e investigadores novos.

Liña 10. Transferencia e impacto social

Compromiso 19.

Impulsaremos a transferencia ao tecido produtivo.

Compromiso 20.

Promoveremos ciencia aberta, cidadá e responsable.

III. TRANSFORMACIÓN DIXITAL E XESTIÓN

Liña 11. Modernización administrativa

Compromiso 21.

Simplificaremos procedementos e eliminaremos duplicidades.

Compromiso 22.

Dixitalizaremos os procesos con criterios de eficiencia.

Liña 12. Uso responsable da tecnoloxía

Compromiso 23.

Incorporaremos a intelixencia artificial con garantías éticas.

Compromiso 24.

Garantiremos protección de datos e transparencia.

Liña 13. Organización e RPT

Compromiso 25.

Reformaremos a RPT para facela máis flexible e actual.

Compromiso 26.

Impulsaremos a carreira profesional do PTXAS.

IV. INTERNACIONALIZACIÓN E PROXECCIÓN GLOBAL

Liña 14. Estratexia internacional

Compromiso 27.

Reforzaremos a presenza en alianzas europeas como ATHENA.

Compromiso 28.

Impulsaremos dobres titulacións e programas internacionais.

Liña 15. Mobilidade e atracción de talento

Compromiso 29.

Incrementaremos mobilidade entrante e saínte.

Compromiso 30.

Captaremos estudantado e persoal internacional.

Liña 16. Competencias lingüísticas e visibilidade

Compromiso 31.

Melloraremos a formación lingüística da comunidade.

Compromiso 32.

Garantiremos información institucional accesible en inglés.

V. INFRAESTRUTURAS, CAMPUS E SOSTIBILIDADE

Liña 17. Campus sostibles e eficientes

Compromiso 33.

Reforzaremos políticas de eficiencia enerxética.

Compromiso 34.

Impulsaremos modelos de campus sostibles.

Liña 18. Planificación de infraestruturas

Compromiso 35.

Desenvolveremos novos espazos docentes e de investigación.

Compromiso 36.

Reorganizaremos os campus con participación da comunidade.

Liña 19. Servizos e condicións de vida

Compromiso 37.

Melloraremos residencias e servizos ao estudiantado.

Compromiso 38.

Garantiremos espazos accesibles, funcionais e inclusivos.

VI. ECONOMÍA, GOBERNO E RESPONSABILIDADE SOCIAL

Liña 20. Planificación estratéxica e financiamento

Compromiso 39.

Elaboraremos un novo Plan Estratéxico post-2026.

Compromiso 40.

Negociaremos un financiamento estable e suficiente.

As liñas e compromisos recollidos no apartado anterior son desenvoltas con detalle no programa de goberno no que se formulan accións específicas para cumprir cos compromisos establecidos.

Especialmente importante é establecer as **liñas programáticas específicas para cada un dos colectivos** que compoñen a Universidade de Vigo, aportando propostas concretas:

Para o PDI

Reforzaremos a carreira académica mediante políticas activas de estabilización, promoción e remuda xeracional, reducindo desequilibrios entre áreas e consolidando talento.

Plantexaremos melloras das condicións de traballo, cun recoñecemento máis xusto da actividade docente, redución da sobrecarga e equilibrio co labor investigador.

Ao mesmo tempo, reforzase o apoio á investigación e á transferencia, simplificando a burocracia e mellorando os servizos de apoio.

Para o PTXAS

Formularemos unha carreira profesional estruturada, con medidas de estabilización, promoción e desenvolvemento, acompañadas dunha reforma da organización e da RPT para facela máis flexible e moderna, incluíndo accións orientadas á mellora do desempeño profesional: conciliación, benestar, formación continua e dixitalización.

Reforzaremos a participación do PTXAS na toma de decisións e a comunicación interna, avanzando cara a unha administración máis eficiente, recoñecida e orientada ás persoas.

Para o PI e o PAI

Partimos do recoñecemento destes colectivos como estruturais na universidade, avanzando na súa definición, integración e visibilidade institucional.

Impulsaremos o desenvolvemento dunha carreira investigadora estable, mellorando as condicións laborais e promovendo a captación de talento. Ademais, reforzaremos o apoio á investigación con novos modelos de avaliación máis xustos e centrados na calidade, así como a integración en estruturas de excelencia e a proxección internacional.

Para o estudantado

Situamos ao estudantado no centro da acción universitaria, promovendo unha docencia innovadora, participativa e adaptada ás novas necesidades formativas.

Poremos en marcha accións concretas que permitan mellorar a experiencia universitaria, os servizos e as condicións de vida nos campus, así como o acceso, a empregabilidade e a formación ao longo da vida.

Reforzaremos tamén as políticas de inclusión, igualdade de oportunidades e benestar, especialmente no ámbito da saúde mental

En conxunto, o programa H2040 artículase arredor dun modelo de universidade centrado nas persoas, que aborda de maneira específica as necesidades de cada colectivo, ao tempo que promove políticas transversais de benestar, igualdade, participación e recoñecemento.

1. Gobernanza e participación

Avanzaremos cara a un modelo de gobernanza máis participativo, transparente e orientado ás persoas, no que a toma de decisións se basee no diálogo, na corresponsabilidade e na confianza institucional, garantindo a implicación real de todos os colectivos universitarios.

2. Xestión e organización administrativa

Impulsaremos a modernización da estrutura administrativa para construír unha universidade máis áxil, eficiente e orientada ao servizo público, simplificando procedementos, profesionalizando o persoal e mellorando de forma continua os sistemas de xestión.

3. Política de persoal docente e investigador

Desenvolveremos unha política de persoal baseada na planificación estratéxica, a estabilidade e a captación de talento, garantindo unha carreira académica clara, equitativa e sustentada no mérito e na excelencia.

4. Estudantado e vida universitaria

Situaremos o estudantado no centro da acción universitaria, promovendo unha experiencia integral que combine formación de calidade, benestar, participación activa e oportunidades reais de desenvolvemento persoal e profesional.

5. Igualdade, diversidade e inclusión

Consolidaremos unha universidade inclusiva, diversa e comprometida coa igualdade real, incorporando estes principios de maneira transversal en todas as políticas, estruturas e dinámicas institucionais.

6. Oferta académica e titulacións

Planificaremos unha oferta académica flexible, actualizada e adaptada ás necesidades sociais, científicas e profesionais, promovendo a aprendizaxe ao longo da vida e a resposta anticipada aos novos retos.

7. Calidade

Reforzaremos a cultura da calidade como eixo transversal, promovendo sistemas de avaliación útiles, participación da comunidade universitaria e procesos de mellora continua baseados en evidencias.

8. Innovación docente

Fomentaremos a innovación educativa mediante novas metodoloxías, ferramentas dixitais e modelos de ensino-aprendizaxe que melloren a experiencia formativa e a adquisición de competencias.

9. Captación, permanencia e éxito do estudantado

Impulsaremos políticas activas para atraer talento, reducir o abandono e favorecer o éxito académico, mediante medidas de acompañamento, orientación e apoio ao longo de toda a traxectoria universitaria.

10. Empregabilidade e orientación profesional

Reforzaremos a empregabilidade do estudantado mediante a conexión co tecido produtivo, a orientación profesional e o desenvolvemento de competencias adaptadas ás demandas do mercado laboral.

11. Investigación

Potenciaremos unha investigación excelente, competitiva e con impacto, apoiando aos grupos de investigación, captando recursos e promovendo a xeración de coñecemento de alto valor.

12. Transferencia e valorización do coñecemento

Impulsaremos a transferencia do coñecemento á sociedade e ao tecido produtivo, promovendo a innovación, a colaboración con empresas e a valorización dos resultados da investigación.

13. Internacionalización

Fortaleceremos a proxección internacional da universidade, promovendo alianzas estratéxicas, mobilidade e captación de talento internacional, así como a visibilidade global da institución.

14. Cooperación universitaria ao desenvolvemento

Reforzaremos o compromiso coa cooperación internacional e o desenvolvemento sostible, promovendo accións solidarias, formación e proxectos con impacto social global.

15. Financiamento e sostibilidade económica

Traballaremos por un modelo de financiamento estable, suficiente e diversificado, que garanta a viabilidade e o desenvolvemento sostible da universidade a medio e longo prazo.

16. Infraestruturas e campus

Impulsaremos a mellora das infraestruturas e dos campus, creando espazos modernos, accesibles, sostibles e adaptados ás necesidades da docencia, a investigación e a vida universitaria.

17. Transformación dixital

Avanzaremos na transformación dixital da universidade, integrando tecnoloxías innovadoras na docencia, a xestión e os servizos, garantindo eficiencia, accesibilidade e seguridade.

18. Sostibilidade

Integraremos a sostibilidade ambiental como principio transversal, promovendo prácticas responsables, eficiencia enerxética e compromiso co desenvolvemento sostible.

19. Comunicación e posicionamento institucional

Reforzaremos a comunicación institucional para mellorar a transparencia, a participación e o posicionamento da universidade como referente académico, científico e social.

20. Extensión universitaria e normalización lingüística

Impulsaremos a proxección social da universidade mediante a extensión universitaria e fortaleceremos o compromiso coa lingua galega como elemento clave de identidade e cohesión.

A VISIÓN DE H2040

O programa de goberno de H2040 para os vindeiros seis anos propón unha transformación integral da Universidade de Vigo baseada nun modelo centrado nas persoas, que combina melloras estruturais na docencia, na investigación, na xestión e na proxección institucional. A nosa proposta aposta por unha universidade máis aberta, innovadora e sostible, orientada a dar resposta aos retos académicos, científicos e sociais do futuro.

No ámbito da **docencia**, o programa sitúa a calidade e a dignificación da actividade docente como prioridade, promovendo unha organización máis equilibrada da carga de traballo dentro do marco da LOSU, incorporando recoñecementos asociados á actividade investigadora, ao número de estudantes ou á participación en proxectos. Impúlsase ademais a innovación docente mediante metodoloxías activas e ferramentas dixitais, así como unha oferta formativa máis flexible a través de microcredenciais e titulacións en modalidade dual, reforzando a conexión coa empregabilidade e co tecido socioeconómico.

En relación coa **investigación**, o programa aposta pola captación e retención de talento mediante o incremento de programas como Ramón y Cajal ou iniciativas propias, así como pola reformulación dos programas predoutorais e posdoutorais para garantir o relevo xeracional e o equilibrio entre áreas. Proponse tamén o fortalecemento dos centros e institutos de investigación, o apoio a grupos emerxentes e a mellora dos servizos de apoio á investigación, co obxectivo de reducir a burocracia e aumentar a competitividade en convocatorias nacionais e internacionais. A transferencia de coñecemento reforzase mediante unha maior conexión co tecido produtivo e a promoción de modelos de ciencia aberta e responsable (CoARA).

A modernización da universidade concrétese nunha transformación profunda da **xestión e dos servizos**, baseada na simplificación administrativa, a eliminación de duplicidades e a dixitalización dos procesos. Neste contexto, proponse a incorporación responsable da intelixencia artificial como ferramenta de apoio, así como unha reforma da Relación de Postos de Traballo (RPT) que impulse a carreira profesional do PTXAS, incorpore o teletraballo e mellore a conciliación. Para liderar este proceso, prevese a creación dunha Vicerreitoría de Transformación Dixital.

A dimensión **internacional** constitúe outro dos piares do programa, mediante o reforzo da participación en alianzas europeas como ATHENA, o impulso de dobres titulacións e programas conxuntos e o avance cara ao European Degree Label. Propónse tamén incrementar a mobilidade entrante e saínte de todos os colectivos, reforzar a captación de estudantado internacional —especialmente do ámbito lusófono e latinoamericano— e mellorar as competencias lingüísticas, así como garantir información institucional en inglés (reforma da web).

O programa incorpora tamén un compromiso firme coa mellora das **infraestruturas** e dos campus, con actuacións concretas en edificios, cun plan claro de traballo, ou a reorganización dos campus de Pontevedra e Ourense mediante procesos participativos. Inclúe, ademais, medidas para ampliar as residencias universitarias e avanzar en modelos de campus sostibles e eficientes enerxeticamente.

No ámbito **económico**, propónse a elaboración dun novo Plan Estratéxico post-2026 e a negociación dun novo Plan de Financiamento 2027–2032 que garanta estabilidade e suficiencia de recursos, acompañado da creación dunha Vicerreitoría de Economía, Estratexia e Emprendemento que permita priorizar actuacións e optimizar o uso dos recursos dispoñibles.

De maneira transversal, todas estas medidas intégranse nun marco de **responsabilidade social, igualdade, diversidade e inclusión**, co impulso do IV Plan de Igualdade, o reforzo da Unidade de Diversidade e o desenvolvemento de políticas de conciliación, accesibilidade e prevención de discriminacións. Ao mesmo tempo, propónse un Plan de Comunicación 2026–2032 que mellore a visibilidade institucional, a divulgación científica e, sobre todo, a **comunicación interna**, consolidando o uso do **galego como lingua propia** da Universidade de Vigo, tal e como marca a nosa normativa.

En conxunto, H2040 define unha folla de ruta realista e ambiciosa que combina reformas estruturais con medidas concretas —como a redución da burocracia, a mellora das condicións laborais, a ampliación da oferta formativa ou o impulso da internacionalización— situando ás persoas no centro da acción universitaria e reforzando o papel da universidade como motor de coñecemento, innovación e compromiso social.


Este conxunto de liñas programáticas complétase cun compromiso transversal cun modelo de gobernanza participativa, transparente e centrada nas persoas, no que o diálogo coa comunidade universitaria constitúe a base da toma de decisións. A nosa proposta integra de maneira equilibrada a atención ao estudantado e á vida universitaria, o desenvolvemento profesional e as condicións laborais do conxunto do persoal, así como a promoción efectiva da igualdade, a diversidade e o benestar. Do mesmo xeito, recoñecemos o papel estratéxico da comunicación institucional, da proxección social da Universidade e da normalización lingüística como elementos clave para reforzar a identidade propia da Universidade de Vigo e a súa conexión coa contorna.

En resume...

Este proxecto nace da escoita activa, do diálogo e do compromiso coa Universidade de Vigo e coas persoas que a fan posible cada día. Presentamos estas liñas programáticas coa convicción de que temos a oportunidade de construír unha universidade mellor: máis xusta, máis aberta, máis innovadora e máis centrada nas persoas.

Asumimos este reto con responsabilidade, con ilusión e coa vontade de traballar de maneira colectiva, contando coa participación de toda a comunidade universitaria. Creo nunha universidade que reconece o talento, que coida ás persoas e que se proxecta con ambición cara ao futuro, sen perder a súa identidade.

H2040 é unha proposta realista e ambiciosa ao mesmo tempo, que só será posible coa implicación de todas e todos. Por iso, convidámosvos a formar parte deste proxecto común para seguir construíndo, xuntas e xuntos, a universidade que queremos.



Belén Rubio

17 de Abril de 2026